

## Intervención do voceiro de AER no pleno extraordinario de orzamentos 2013

Imos poñer as cousas claras de entrada: IMOS VOTAR QUE NON ÓS ORZAMENTOS.  
Voulles dar un titular de prensa:

Vostedes pensan que gobernan en maioría, pero non é así, e por moito que soñen nunca van gobernar en maioría : “Redondela é de esquerdas” e polo feito de que algún dirixentes de partidos que se chaman de esquerdas o esqueceran non vai deixar de ser certo “REDONDELA É DE ESQUERDAS” co compromiso que iso conleva,  
Non soñen. Pensan que son maioría sendo minoría e ademais están confiados en que nas próximas arrasan. Baixa da nube Javier: “ REDONDELA É DE ESQUERDAS”

Imos centrarnos na película “O falar non ten cancelas” de Javier Bas adaptación da novela de ficción de Rajoy-Rato “La culpa es vuestra”

Di no informe do Sr. Alcalde cousas coma “ senda da austeridade”,“eliminación de duplicidades”, gastos superfluos”, etc.

¿Non tiveron tempo en dous anos para eliminar gastos superfluos nin duplicidades?. Parece que non, incluso diríamos que polo camiño que levan non van acabar con eles nin en catro nin en oito anos.

Continúa no seu informe sinalando as prioridades e céntrase en Servizos Sociais, Emprego e Ensino.

Pois compartimos o seu criterio, PERO ..... O ano pasado dixeron o mesmo e xa parece a cantiga aquela de “ Sempre andas dicindo pro ano que ven e chega outro ano e pasa tamén”

Asuntos Sociais:

Artigo 48: subvencións e convenios

Inicial 2012	Real 2012	Inicial 2013
<b>112.911,13 €</b>	<b>58.836,62 €</b>	<b>134.386,22 €</b>

Convenios e subvencións, que si excluimos Subvención emerxencia social, son.....  
¿Cómo son ? Non temos nin idea, non sabemos que din, non sabemos como se controlan, non sabemos que criterios se usan para concedelos. Vemos por exemplo “CONVENIOS DEPORTE FEMENINO CLUB CHOCO” e non sabemos se van conceder outros para deporte feminino de balonmán, atletismo, remo, baloncesto, ciclismo, triatlón. ¡Vai ti a saber!

Pero tendo en conta que o máis salientable é a subvención para emerxencia social, vemos que no 2012 contaba cun orzamento de 45.122,72€, e que se gastaron 1.993,41€. Este ano, como o falar non ten cancelas, poñémoslle 60.000€. Será porque

as emerxencias sociais do 2013 vanse multiplicar por 30, ou será porque ós que non atendemos o ano pasado no que aforramos desta partida 43.129€, imos ver se chega este ano e non pasa tamén.

Que confianza podemos ter nestes números se no 2012 de case 113.000€ só executaron 58.000€, a metade?

Vexamos outras partidas:

Comedor escolar: Para o ano 2013 orzamentan 18.000€

¿Qué fixeron no 2012?

Orzamentaron 32.000€ e usaron 5.044,89€. Está claro que se aproximan máis ó que gastaron. O ano pasado pensaban gastar moito e case non gastaron, supoñemos que como a vida vai mellorar, este ano presupoñen a metade e cun pouco de sorte aínda gastan menos.

Súbenlle vostedes a Cáritas, non é o comedor escolar pero ..... fan unha labor boa, que non fai o Concello.

Como xa lle dixemos a diferenza entre o orzamentado e o realmente gastado é importante pero temos que chamar a atención sobre partidas que se volven a dotar e nas que o gasto foi de ¡CERO EUROS!

2012	inicial	real
Programa de acollida e integ. da pob. inmigrante	5000	0
Gastos de teleasistencia	1000	0
Subvencións emerxencia social muller	5000	0
Transporte Drogodependientes	1600	0

2013:

Programa de acollida e integ. da pob. inmigrante	2.000,00 €
Gastos de teleasistencia	4.000,00 €
Subvencións emerxencia social muller	
Transporte Drogodependientes	1.400,00 €

De verdade pensa, Sr. Alcalde, que a estas alturas ten vostede credibilidade? NON HOME, NON. Non se pode dicir a cada quen o que quere oír e ademais pretender que a todos lle di a verdade.

Non queremos centrarnos só en Servizos Sociais, porque vostede tamén amosa preocupación polo emprego, así que vexamos como se concreta esa preocupación.

No 2012 neste subprograma, que inclúe soldos e gastos correntes, orzamentaron 414.652€ e o gasto real foi de 319.059, só lle faltou por executar 95.592,85€, case a cuarta parte da previsión.

¿Qué propoñen para 2013? Pois nos din que van gastar **321.590,85€**, máis ou menos o mesmo que o ano pasado na realidade. Aмосa unha preocupación polo tema que .... non saberíamos valorala.

Pero analicemos polo miúdo como pensan artellar a súa preocupación polo emprego:

Achega municipal ás contratacións:

130.112,73 € inicial    130.112,73 € real

**¡Gastaron todo o orzamentado! Aquí deberían soar aplausos, trompetas e tambores.**

**¿Qué van facer no 2013? Pois van poñer ..... Ta,ta,ta chan.... 88.890,00 €**

**Claro, como xa hai brotes verdes non fai falta poñer tanto, e rebaixamos uns 50.000€ desta partida. Isto chámase priorizar.**

**Iso si, hai que gardar para Reunións, conferencias e cursos, aínda que só sexan 8.600€**

**En asistencia técnica orzamentouse no 2012 con 15.000€ e o gasto real foi de ¡0 CERO EUROS!. Polo que este ano baixan nese concepto a ---- 5.000€. ¿Gastaremos o mesmo que o ano pasado?.**

**“Programa externo plan integral de emprego”, soa bonito:**

**No 2012 orzamentáronse 24.160€ e gastouse ..... 4.098€, claro que como é integral rende moito.**

**Este ano poñemos para gastar 14.608€ e seguro que nos sobra máis da metade.**

**Outros exemplos:**

	Inicial 2012	Gasto Real
Subvención ILE	2.000,00 €	0,00 €
Subvencións de emprego	5.000,00 €	0,00 €

No 2012 se fixo un pre-suposto de 176.273€ pero só se executaron 134.211

Pois para este ano, a pesares da preocupación que vostede di ter por este tema orzaméntanse 121.098€. É dicir, menos ca o gasto real do ano pasado, e vendo o nivel de execución que levan non queremos nin pensar cal vai ser o gasto real.

Sr. Alcalde, neste momento cumpre dicirlle que “ de boas intencións está o inferno cheo”

Sigamos coa outra prioridade do Sr. Alcalde: Ensino, ensino, ensino.

Pois imos ensinar:

Subprograma de ensino:

Inicial 2012: 905.518€ - - - - Executados en 2012: 910.593€

De novo aplausos e banda de cornetas.

É mais, alborozo xeral porque este ano poñen máis: 941.311€ ¡Incríble!

Sube o orzamento para o ensino respecto do gasto real do ano pasado en ....30.000€.

Pois si, incrível, porque cando vemos como se reparten os euros no chamado subprograma de ensino atopamos:

	Inicial 2013	Inicial 2012	Real 2012
Subvencións ANPA	12.000,00 €	22.000,00 €	16.162,28 €
Subvención mantemento comedor ás ANPAs	10.000,00 €	10.000,00 €	9.999,01 €
Subvención adquisición libros	5.000,00 €	4.500,00 €	0,00 €
Utilaxe	539,66 €		
Premios á excelencia educativa	2.000,00 €		
<b>TOTAIS</b>	<b>29.539,66 €</b>	<b>36.500,00 €</b>	<b>26.161,29 €</b>

Nos comedores quedamos como estabamos, ás ANPAs baixámoslle á metade e poñemos premios para ir sacar a foto.

**Pero vexamos unhas partidiñas de nada:**

	Inic. 2012	Real 2012	Inic 2013	Diferencia entre iniciais	Diferencia co gasto real
Traballos seguridade realizados por outras empresa	2.000,00 €	0,00 €	100,00 €	-1.900,00 €	100,00 €
Traballos realizados p/outras empresas	7.000,00 €	5.026,00 €	5.200,00 €	-1.800,00 €	174,00 €
Podas ensino	0,00 €	784,70 €	1.000,00 €	1.000,00 €	215,30 €
Traballos de limpeza	622.685,59 €	631.979,18 €	657.162,51 €	34.476,92 €	25.183,33 €

**¡ALÁ VAI A NOSA ILUSIÓN! O incremento do orzamento para ensino é para ..... ¡TRABALLOS DE LIMPEZA!**

**Un momento. Xa sabemos onde está a súa preocupación polo ensino; ..... vostede referíase ó ensino musical ó noso CONSERVATORIO.**

**Agora voulo dicir cantando: "Sempre andas dicindo pra o ano que ven e chega outro ano e pasa tamén, e pasa tamén, sempre andas dicindo pra o ano que ven".**

**Son só: 371.090,78 € que poñemos no conservatorio, o mesmo que aparece retirado da axuda para pagar o custe da auga e sumidoiro.**

**Mira que nos custa dicir que non, e cústanos por dúas razóns. A primeira polo respecto que lle temos á concelleira de economía e facenda, Ana Alonso, respecto profesional e persoal.**

**Sabemos do seu esforzo e da súa cualificación. Sabemos da súa transparencia e de que está sempre aberta ás aportacións e suxerencias que se lle poidan facer. Que resposta con honestidade e claridade.**

**Fixo un bo traballo e dunha maneira que compartimos, con transparencia e participación:**

**“ Que buen siervo si hubiera buen señor” dicían do Cid. Pois é unha pena porque non hai bo señor, hai un trapalleiro “buenas palabras” que quere quedar ben con todos e ademais sempre. Un señor ó que se lle subiron tanto os fumes que parece unha fotocopia do seu antecesor e isto jén só dous anos!.**

**Tamén nos custou tomar a decisión porque cousas polas que loitamos están recollidas nas bases. Cousas tan ¡difíciles de facer!:**

**- Informar trimestralmente da execución dos orzamentos, das empresas contratadas, de dietas e gastos protocolarios e unhas cantas cousiñas máis.**

**O triste é que non era posible, moito traballo para os funcionarios que estaban moi saturados e non había posibilidade de facer. Agora resulta que é posible.**

**Pero parándonos a reflexionar un pouco ..... ¿Isto hai que esixilo?. Nós pensamos que debe ser a forma natural de funcionar, non a excepción.**

**Son vostedes uns campións á hora de dicir unha cousa e facer outra. Pan e circo dicían en Roma, pero a vostede esquéceselle o pan.**

**Insistimos en que é unha pena que no seu grupo só teñan unha Ana Alonso. Ana, vente para AER que estarás mellor.**

Vostedes apelan á responsabilidade da oposición, nos apelamos a todo o que están a facer.

A actitude que ten tomado o equipo de goberno, que é moi diferente á que prometían cando chegaron ó poder. Vendiades transparencia e con que nos atopamos?

Temos un exemplo no eido cultural extrapolable a tódolos demais ámbitos:

- Contratacións fóra de lugar (Lolapop, Biglab, ...) que non aportan ao tecido cultural preexistente en Redondela e si que lle retrae recursos públicos para a consolidación e permanencia do xa existente. Falta de transparencia nestas contratacións, non informar aos grupos da oposición, etc. Estase seguindo un camiño que se alonxa cada vez máis dos plantexamentos de AER, e isto hai que corrixilo e cambialo xa. A transparencia que esiximos vai máis aló do establecido legalmente, pois queremos que tódolos cidadáns do concello coñezan (ou polo menos teñan a oportunidade dun fácil acceso á información) o desenvolvemento da concesión máis pequena que se poida dar ata calquera dos procesos máis complexos. Temos o deber ante os cidadáns, máis aló do deber ante as limitacións legais...

A propósito de todo o que nos incluíron nas bases, cousas que lles pedimos para escomenzar a falar, que non nos cremos que unha vez aprobados os presupostos as

foran a cumprir (aceptaron demasiado rápido cousas que segundo vós non se podían facer, e algunhas non dependían de vos, senón dos funcionarios). Se queren que creamos na súa palabra, vaian cumprindo o que poden cumprir aínda que se prorroguen os orzamentos (todo o relacionado coa información e transparencia, ademais das bases de reparto dos presupostos participativos, e outras bases que xa terían que estar elaboradas. Se fan todo isto antes da aprobación dos próximos presupostos no 2014, hai posibilidades de que o noso voto sexa diferente ao do ano 2013.

Cousas que xa comentamos o ano pasado, que o interventor recolle no seu informe:

- este ano a xuízo desta Intervención realizarase unha previsión de ingresos excesiva. O MESMO CA O ANO PASADO

- a xuízo desta Intervención hai unha serie de aplicacións orzamentarias que poden resultar insuficientemente orzadas, coma podería ser nalgúns casos o combustible. REINCIDENTES

- entende esta Intervención que hai unha serie de aplicacións orzamentarias que están sobredimensionadas, en concreto ás referidas á Área de Gasto 2. ÁREADE GASTO 2=ACTUACIONES DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL. INFLAN OUTRA VEZ OSGASTOS SOCIAIS PRA CALAR BOCAS?

- Existe unha aplicación excesiva da figura da subvención nominativa: a xuízo desta Intervención, as subvencións nominativas deben ser casos extremos, xa que o que a normativa citada neste punto pretende é a de primar a concorrencia competitiva, garante neste ámbito dos mais elementais principios de igualdade e non discriminación garantidos e protexidos pola nosa Constitución. Todo elo ademais tendo en conta que xa en anos anteriores eran un gran número e por importes avultados nalgúns casos.

A porcentaxe anterior choca co carácter excepcional das subvencións nominativas, decaendo así os principios de igualdade e non discriminación que informan toda a nova regulación das subvencións públicas. A norma establece que deben xustificarse as razóns que impiden a concorrencia da subvención. Por outra banda, existen casos nos que se utilizan subvencións nominativas e que pola súa dinámica son subvencións que deberían outorgarse a través dunhas bases. UNHA DAS COUSAS QUE MÁIS CRITICAMOS DOS ORZAMENTOS DO ANO PASADO, POUCAS BASES E EXCESO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS, POIS TOMA SETE CUNCAS!!!

INGRESOS:

INGRESOS 2012:

Pre-suposto inicial: 16.732.000€ que despois das modificación quedou en 16.365.000€

¿Cales son os dereitos recoñecidos NETOS? Pois .... 17.294.859€

¿Canto se recadou: RECADACIÓN NETA? 15.284.580€

¿Canto hai en dereitos pendentes de cobro? **Pendente: 2.010.000€**

Se temos en conta os dereitos recoñecidos netos andabamos nos 17 millóns.

Miren vostedes. Os dereitos recoñecidos sobre as previsións, segundo informe de intervención están no 89,5% faltan un 10,5%. 1,5 millóns de cada 10 millóns.

Pero, vexamos ..... ¿Cales foron os ingresos respecto do recoñecido neto? Menos aínda, un 86 %

É dicir quedaron fóra das previsións 1,5% millóns de cada 10 **“e do recoñecido quedaron sen cobrar 1,4 millóns de cada 10”**. De cada 10 que temos dereito a cobrar, non cobramos 1,4 millóns.

O máis salientable son as previsións de conexión de sumidoiro, onde os dereitos recoñecidos son SÓ UN 29,5% DO PRESUPOSTADO. Se lle engadimos que de conexión de auga só se recoñeceron o 46% do presupostado, temos un desfase importante.

Agora ben, ¿Para que incrementar estes padróns e a súa eficacia? Para recadar o concello poderíamos dicir sen pensar moito. PERO, PERO, PERO, ..... ¿Quen vai ser o gran beneficiado? AQUALIA, que vai cobrar por estas novas conexións pero non vai pagar nin un euro. Así están os contratos. Suben segundo unhas fórmulas, pero non se ten en conta o aumento de usuarios.

Esta é outra das cuestións pendentes. ¿Servizos privatizados? Parece que están a esperar que nos esquezamos de que existe esa comisión. ¡Pois van de cu!

As comisións son un elemento moi importante de participación e control que vostedes converten nunha reunión de 20 minutos para opinar sobre unha información que nos deron menos de 24 horas antes.

Que non, que iso non é nin transparencia nin participación!!!

Pero vamos ó que vamos: TEMOS PENDENTE DE COBRO 2 MILLÓNS DE EUROS. Non esquezamos que falamos de dereitos recoñecidos.

Imos a polos debedores das plusvalías, só con catro anos de atrasos. Pero que é unha inxustiza respecto dos demais que non pagaron e respecto dos que se poden acoller a nova normativa. Non queremos esquecelo.

Tampouco queremos esquecer que vostedes teñen unha ordenanza que incumpren e gustaríanos poder dicirllo en voz moi alta:

**“VOSTEDES INCUMPLEN A ORDENANZA DE ENSINANZAS ESPECIAIS NOS ESTABLECEMENTOS DO CONCELLO”**

Vostedes manteñen un déficit de uns 300.000€ co Conservatorio, cando nesa ordenanza establécese que deben autosubvencionarse. Por non falar de pagos, dentro dese subprograma de gasto, a outras empresas.

Van facer o mesmo co resto das ordenanzas, padróns,?etc.

¿Qué cambiaron respecto dos orzamentos anteriores? Xestión, só xestión e iso débenllo a unha profesional que debería estar en AER e non co seu equipo de goberno, Sr Alcalde.

- De tódolos xeitos, queremos agradecer unha vez máis a actitude da concelleira de economía e facenda, que en todo momento se amosou con total disposición de escoitar as nosas demandas e aclarar as nosas dúbidas, actitude da que terían que aprender algúns dos seus compañeiros do equipo de goberno.

Por todo isto votamos que non.